

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**  
**SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA**  
**D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> DOLORES GARCÍA GIMÉNEZ**

Ref./2

Pola X.G.L. do pasado día 10 do actual prestou aprobación ás propostas de contratación laboral temporal de 4 operarios de servizos con funcións de conserxe para instalacións deportivas, cunha duración ata tanto non se elabore e poña en marcha o Plan de Ordenación de Recursos Humanos 2008-2013, co seu plan de emprego a que se fai referencia no prego de condición para a contratación da elaboración de postos de traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa, e da Fundación de Servizos Deportivos Municipais; aprobado pola X.G.L. en sesión de 22/01/2008; e en todo caso, como periodo máximo e límite ata o 31/12/2009. Sendo preciso establecer uns criterios mínimos para levar a cabo esta selección,

Esta Alcaldía- Presidencia en uso da facultades que lle confire a lexislación vixente, RESOLVE:  
Aprobar os seguintes criterios/bases de selección:

**I. Obxecto da convocatoria.**

É obxecto da convocatoria a selección de catro operarios de servizos con funcións de conserxe para instalacións deportivas , contratado/a laboral temporal, a tempo completo.

**II. Dotación económica, modalidade contractual e duración do contrato.**

Trátase dun contrato laboral temporal, a tempo completo, e a súa duración será ata tanto non se elabore e poña en marcha o Plan de ordenación de recursos humanos 2008-2013, co seu plan de emprego, a que se fai referencia no prego de condicións para a a contratación da elaboración da Relación de postos de traballo do Concello de Vilagarcía de Arousa e da Fundación de servizos deportivos municipais; aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22/01/2008.

As retribucións mensuais brutas a percibir serán as correspondentes ao grupo V das taboas salariais, apartado c) Persoal contratado temporal e laboral en xeral, do convenio colectivo do persoal laboral do concello de Vilagarcía de Arousa (B.O.P. de Pontevedra nº 52 de 15/03/2006).

### **III. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.**

Para seren admitidos/as á realización das probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a). Ser español/a, ou te-la nacionalidade dun país membro da Unión Europea ou de calquera daqueles Estados aos que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente. Asemade poderán participar nesta convocatoria os estranxeiros con residencia legal en España, conforme estipula o art.57 do estatuto básico do empregado público.
  - b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non pasar daquela idade prevista para a xubilación forzosa por idade.
  - c) Estar en posesión do Certificado de escolaridade ou estudos primarios. A titulación non expedida en España deberá estar debidamente homologada polo Ministerio de Educación e Ciencia.
  - d) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.
- Os/As aspirantes que non posúan a nacionalidade española, deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á función pública.
- e) Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por eiva física ou psíquica que sexa incompatíbel co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellaría competente da Xunta de Galiza. As persoas con minusvalía deberán facelo constar na instancia sinalando se precisan adaptación das probas.
  - f) Non estar afectado/a por motivos de incompatibilidade recollidos na Lei de Incompatibilidades do persoal das Administracións Públicas.

O cumprimento destes requisitos deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias e deberán manterse ao longo do proceso selectivo.

#### **IV. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.**

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse ao Concello de Vilagarcía de Arousa, conforme ao modelo que figura como anexo a estas Bases.

Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello debidamente cumprimentadas, durante o prazo de CINCO días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria aló menos nun periódico de tirada en toda Galiza. A convocatoria e Bases tamén será publicadas no taboleiro de anuncios do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Poderán asemade presentarse na forma prevista no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. Se conforme a este precepto as solicitudes se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer seladas e datadas polo funcionario de correos. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a todos os efectos.

A instancia acompañarase inescusablemente de:

- a) Fotocopia compulsada do documento acreditativo da súa identidade.
- b) Fotocopia compulsada do Título oficial académico ou profesional correspondente.

Ademais acompañarase:

- a) A relación dos méritos que alegue o/a interesado/a, enumerados segundo a orde establecida na cláusula VI destas Bases. Esta relación irá acompañada dos documentos xustificativos dos mesmos, orixinais ou fotocopias compulsadas, pois non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.

No caso de que a documentación que se aporte sexa en lingua distinta ó castelán ou galego, xuntarase traducción oficial da mesma. No caso contrario non se tomará en consideración.

- b) De se-lo caso documentación acreditativa de coñecemento do idioma galego, segundo o disposto nestas bases.

Rematado o prazo de presentación de instancias, ditarase resolución pola que se aprobará a lista provisional de admitidos/a e excluídos/as, indicando a causa da

exclusión, concedendo un prazo de 2 días hábiles para a subsanación de instancias. A referida resolución será publicada no taboleiro de anuncios do Concello.

Rematado o prazo de subsanación de instancias ditarase resolución pola que se dará aprobación á lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

Se desde un primeiro momento non houberse ningún/ha excluído/a, ditarase directamente resolución aprobando a lista definitiva de admitidos/a.

Na mesma resolución determinarase a designación da Comisión seleccionadora así como o lugar, data e hora de celebración da selección.

## **V. COMISIÓN SELECCIONADORA.**

A composición da Comisión seleccionadora axustarase ao disposto no art. 60 do Estatuto básico do empregado público, e estará integrada polos/as seguintes membros:

- Presidente/a: Un/ha empregado/a municipal
- Vogais: (3): Tres empregados/as municipais, un deles a proposta do Comité de empresa.
- Secretaria/o: A do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado.

O Tribunal poderá recabar, se o estimase procedente e conveniente, o asesoramento de un ou varios expertos/as, que formarán parte do Tribunal con voz pero sen voto.

A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, alomenos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

Os membros da Comisión seleccionadora deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Así mesmo os/as aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/1992.

A Comisión seleccionadora queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

As indemnizacións por asistencia como membros da Comisión seleccionadora faranse efectivas de acordo co disposto no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, categoría terceira.

## **VI. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.**

O sistema selectivo constará das seguintes fases:

### **1ª) PROBA DE APTITUDE.**

A proba de aptitude constará dun exame composto de dúas partes: Unha teórica, e outra práctica. O tempo de realización do exame será de dúas horas.

A parte teórica consistirá en contestar a un cuestionario tipo test de 20 preguntas, con tres ou catro respostas alternativas, correspondentes a cada pregunta, sobre materias relacionadas coa profesión (posto de traballo a desempeñar), no tempo máximo que o tribunal determine.

O tribunal establecerá o número mínimo de acertos desta parte para establecer a nota de corte, á vista dos exercicios realizados, que permitirá acceder á parte práctica que consistirá nunha entrevista individual relacionada coas funcións específicas do posto a desempeñar.

### **2ª) VALORACIÓN MÉRITOS.**

Na valoración dos méritos, a Comisión Seleccionadora outorgará a cada aspirante, que superara a proba anterior, a valoración dos méritos alegados, e publicará o seu resultado no taboleiro de anuncios do Concello.

Para a valoración dos méritos os/as aspirantes presentarán (conxuntamente coa solicitude para tomar parte no proceso selectivo) unha relación dos méritos que aleguen, debidamente acreditados, e enumerados segundo o establecido nesta Cláusula.

Esta valoración será cualificada de 0 a 8 puntos repartidos. de acordo co baremo que se especifica a continuación:

Tódolos méritos e titulacións alegadas nesta fase acreditaranse co orixinal ou copia compulsada do orixinal.

Nesta valoración de méritos o Tribunal outorgará a cada aspirante, a puntuación correspondente, do xeito seguinte:

**Antigüidade no paro:**

Menos de 6 meses	0,00 puntos
6 meses	0,25 puntos
1 ano	0,50 puntos
18 meses	0,75 puntos
2 anos	1,00 puntos
30 meses	1,25 puntos
3 anos ou máis	1,50 puntos

Para determinar a antigüidade no paro tomarase como referencia a data de inscrición que figure na tarxeta de demandante de emprego, debendo o aspirante facer entrega de copia compulsada para ser tido en conta.

**Cargas familiares:**

Número de membros a cargo do aspirante	Puntos
0	0,00
1	0,50
2	1,00
3	1,50
4	2,00
Máis de 4	2,50

Para determinar as cargas familiares tomarase como referencia o/a cónxuxe e fillos sempre que convivan co aspirante, e carezcan de calquer tipo de ingreso, debendo o aspirante facer entrega de documentación acreditativa, ou, no seu caso, de declaración xurada.

**Asistencia a encontros, congresos, simposios, seminarios, etc.**, directamente relacionados coas funcións do posto: máximo 1 punto, 0,10 puntos por cada 15 horas.

**Cursos recibidos ou impartidos**, organizados por centros ou organismos oficiais, de contidos directamente relacionados coas funcións do posto: máximo 1 punto, 0,15 por cada 15 horas.

So se valorarán os cursos de formación e perfeccionamento que versen sobre materias relacionadas directamente coas funcións propias do posto convocado, sempre que os cursos fosen impartidos por unha Administración Pública, por un centro oficial de formación ou institución homologada para impartir formación profesional continua

**Experiencia laboral** en servizos de conserxería en centros deportivos: 0,25 puntos por mes traballado, ata un máximo de 2 puntos.

Os servizos prestados acreditaranse mediante certificación orixinal do órgano de xestión da Administración Pública competente e/ou copia autenticada do contrato laboral, acompañada de certificación acreditativa da categoría. Na certificación acreditativa dos servizos prestados na Administración Pública deberá indicarse a función desempeñada e o posto de traballo concreto no que se prestou ou presta servizos.

Ningún mérito poderá utilizarse para puntuar en máis dun apartados, e non se tomará en consideración os meritos que se aleguen ou que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias

## **VII. DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.**

A proba selectiva constará de dúas fases, unha proba de aptitude e outra de valoración de méritos. A valoración dos méritos será posterior á proba de aptitude.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización de cada proba provistos do documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo da Comisión Seleccionadora, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica das mesmas. En calquera momento os membros da Comisión Seleccionadora poderán requirir aos aspirantes que acrediten a súa identidade.

Os/as aspirantes serán convocados en chamamento único; a non presentación no momento de ser chamado suporá a exclusión do proceso selectivo, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas motivada e discrecionalmente pola Comisión Seleccionadora.

De cada sesión que celebre a Comisión Seleccionadora levantarase acta polo Secretario/a do mesmo, onde se farán constar as cualificacións dos exercicios dos/as aspirantes, así como as incidencias que se produzan.

#### **VIII. PUBLICIDADE DO PROCESO SELECTIVO.**

A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo realizarase mediante publicación no taboleiro de anuncios deste Concello.

#### **IX.- CUALIFICACIÓN DA PROBA SELECTIVA.**

Os exercicios da proba de aptitude terán carácter obrigatorio e eliminatorio. Serán cualificados ata un máximo de 10 puntos, sendo necesario para aprobar, cada un deles, un mínimo de 5 puntos, quedando eliminados os aspirantes que non acaden esta puntuación.

O número de puntos que poderán ser outorgados por cada membro do Tribunal, será de 0 a 10. A puntuación de cada unha das partes da proba de aptitude virá dada pola media aritmética das puntuacións outorgadas por tódolos membros presentes da Comisión Seleccionadora.

#### **X. CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE APROBADO.**

A suma das puntuacións acadadas na proba de aptitude maila obtida na valoración dos méritos dará a cualificación final.



No caso de empate nas puntuacións finais totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na proba de aptitude; de persisti-lo empate, terase en conta a maior puntuación obtida no apartado de experiencia laboral; se seguirá persistindo o empate, resolverase por sorteo.

Determinada a cualificación final dos/as aspirantes a Comisión Seleccionadora fará pública a relación de aprobados/as por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

A Comisión Seleccionadora en ningún caso poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao de postos convocados. Calquera proposta de aprobado que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

A Comisión Seleccionadora ao cualificar cada unha das probas non terá en conta a limitación anterior, a cal só se terá en conta para formular a proposta de contratación na que só se incluírá aquel candidato/a que obtivese maior puntuación total final, non podendo a Comisión Seleccionadora facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao da postos convocados.

Na acta da última sesión, incluírase unha relación dos/as aspirantes que tendo superados a proba de aptitude, no seu caso, non foran incluídos na lista de aprobados/as e proposta de contratación, a efectos de poder, se así se estima e se fose necesario cubrir a vacante por renuncia do/a seleccionado/a, ou ser contratados/as eventualmente, para cubrir provisionalmente as ausencias por disfrute de licencias regulamentarias, necesidades do servizo, algunha baixa de I.T.,etc, segundo a orde de maior puntuación obtida.

## **XI. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

O/A aspirante proposto/a aportará dentro do prazo de 5 días naturais contados a partir da publicación da lista de aprobados/as, no taboleiro de anuncios do Concello, os documentos acreditativos de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3ª desta convocatoria, que poderán ser orixinais ou copias compulsadas seguintes:

- a) Fotocopia compulsada do documento acreditativo da súa personalidade.
- b) Fotocopia compulsada do Título oficial académico ou profesional correspondente.
- c) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou eiva física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento nas funcións propias da praza.
- b) Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.

Se dentro do prazo indicado, e salvo supostos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase a súa documentación ou non reunira os requisitos esixidos non poderá ser nomeado/a contratado/a laboral quedando anuladas todas as súas actuacións sen prexuízo das responsabilidades nas que puidera incorrer por falsidade na instancia.

Para o suposto de que o/a aspirante inicialmente proposto/a (ou os/as sucesivos seguintes) renunciase á contratación ou non reuniran os requisitos esixidos na convocatoria, trasladarase a proposta de contratación a favor do/a seguinte aspirante (ou no seu caso, dos seguintes aspirantes) que tendo superados as probas de aptitude, non foran incluídos na lista de aprobados/as e proposta de contratación, conforme o sinalado no último parágrafo da base anterior.

## **XII.- CONTRATACIÓN E INICIO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS**

Concluído o proceso selectivo e presentada a documentación a que se refire o apartado anterior, procederase a contratación do/a aspirante proposto/a, sendo nulo a proposta a favor de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

O/A aspirante proposto iniciará a prestación de servizos no prazo que se sinale polo Concello. Mentres non se incorpore ó posto de traballo, non terá dereito a percepción económica algunha.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo e que se lle sinale polo Concello, de acordo coa lexislación aplicable.

O/A aspirante quedará suxeito/a ao réxime de incompatibilidades do sector público conforme á normativa vixente.

### **XIII. DISPOSICIÓNS DERRADEIRAS.**

**Primeira.-** Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, no Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

**Segunda.-** Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da Comisión seleccionadora, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

**Terceira.-** Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 10.1 a) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, aprobada pola Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 116 e seguintes; da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

#### **XIV.- INCIDENCIAS**

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento da proba selectiva, en todo o non previsto nas bases/criterios, así como para a súa interpretación.

Vilagarcía de Arousa, 4 de xullo de 2008.

A Alcaldesa-Presidenta

A Secretaria Xeral

Asdo./ M<sup>a</sup> Dolores García Giménez

Asdo./ Paula Costas Romero